



**PRESENTACIÓN**

# Leticia Costas

conversará  
coa música e cantante

## Guadi Galego

e con **Javier Pintor**

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Xoves, 23 de maio, 19:30 h



## Somos o que LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea  
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

Entrada libre

# PRESENTACIÓN

Xoves, 23 de maio, 19:30 h  
Fundación Luis Seoane

## **Ledicia Costas** (Vigo, 1979)

Publicou o libro de relatos de *Un animal chamado néboa* (2015), Premio Losada Diéguez, as novelas *Infamia* (2019), *Golpes de luz* (2021) e *Pel de cordeiro* (2024) e as novelas de fronteira *O corazón de Xúpiter* (Xerais 2012), Premio Neira Vilas; *Recinto Gris* (Xerais 2014); *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* (Xerais 2016), Premio Lazarillo, Premio Gala do Libro Galego e *The White Ravens*; e *A balada dos unicornios* (Xerais 2018), Premio Lazarillo, Premio Kelvin 505 á mellor novela xuvenil orixinal de 2019. En 2014 recibiu o Premio Merlín e o Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *Escarlatina, a cociñeira defunta* (Xerais 2014). É autora doutros títulos emblemáticos como *Esmeraldina, a pequena defunta* (Xerais 2016); *A señorita Bubble* (Xerais 2018), Premio Gala do Libro Galego; e de varias entregas da serie *Os Minimortos*. En 2021 foi recoñecida co Premio da Cultura Galega e gañou o Premio Merlín de Literatura coa novela *O neno de lume* (Xerais 2022). En 2022 gañou o XX Premio de Poesía Afundación con *Ultraluz* (Xerais 2023). *A lebre mecánica* (Xerais 2022) fíxoa merecedora por terceira vez do Premio Lazarillo 2021. En 2023 publica o seu primeiro álbum ilustrado, xunto con David Sierra Listón, *Sete dentes de león* (Xerais, 2023).

## **Pel de cordeiro** (Xerais, 2024)

Catarina pertence a unha estirpe de bruxas. Nos últimos anos da Inquisición, no medio da fame e a miseria, elas son o máis semellante a un doutor que existe en Merlo. Lola é unha muller do século XXI que atravesa unha crise persoal. Entra en contacto cunhas forzas que non comprende. A ruptura coa súa parella, as súas dúbidas sobre a maternidade e o desbloqueo de recordos que tiña esquecidos provócanlle un colapso. Ledicia Costas elabora unha novela hipnótica, que explora o erotismo e a escuridade e nos envolve nunha atmosfera tan terrible como preciosa.